

Expediente núm.: 160/2024.

Resolución de Alcaldía de número e data establecidos ao marxe

Procedemento: Contrato de Obras por Procedemento Aberto Simplificado.

Asunto: PROXECTO DE MELLORA DO CAMIÑO MUNICIPAL DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS EN ZACARADE, O Irixo 2024 -2025.

Documento asinado por: A Alcaldesa, O Secretario

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista do expediente de contratación tramitado e dos seguintes antecedentes:

Da concesión da subvención para a realización da obra: Mellora do Camiño Municipal de Acceso a Parcelas Agrícolas en Zacarade (Plan de Mellora de Camiños 2024-2025), mediante resolución por parte da Directora Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) D^a Inés Santé Riveira a través Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, de data 7 de maio de 2024 por importe de 55.011 euros ao abeiro da RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR701E), publicada no DOG Núm. 18 do 25 de xaneiro de 2024.

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

Tipo de contrato: Contrato de obras.	
Subtipo do contrato: Obras.	
Obxecto do contrato: Proxecto de Mellora do Camiño Municipal de Acceso a Parcelas Agrícolas en Zacarade no Concello de Irixo 2024-2025.	
Procedemento de contratación: Aberto simplificado	Tipo de Tramitación: Ordinaria.
Código CPV: <ul style="list-style-type: none">45233000-9 Traballos de construción, cimentación e pavimentación45233220-7 Traballos de pavimentación de estradas45233222-1 Traballos de pavimentación e asfaltado.	
Valor estimado do contrato: 53.576,67 €	IVE: 11.251,10 €
Prezo: 64.827,77 €	
Duración: anualidade 2024, ata o 14 de outubro de 2024; anualidade 2025, ata o 15 de maio do 2025.	



Con data 19 de agosto de 2024 designáronse, mediante Resolución de Alcaldía núm. 2024-0441, a composición dos membros da mesa de contratación:

- D. Pio Perez Nogueira, que actuará como Presidente da Mesa.
- D. Daniel Alexio Nanín Pascual, Vocal (Secretario-Interventor da Corporación).
- D. Eladio Munin Barreiro, Vocal.
- D. Iago Fariñas Valiña, Vocal.
- D^a. Gloria Bernárdez Beltrán, que actuará como Secretario da Mesa

Tendo en consideración que o prazo para presentar oferta de licitacións no presente procedemento terminou o 16 de setembro de 2024, visto o Certificado de Secretaría de data 19 de setembro de 2024 sobre as empresas presentadas.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar aos membros da mesa de contratación para que se constituía o venres día 20 de setembro de 2024 ás 12:00 horas, co obxecto de levar a cabo a apertura das ofertas presentadas.

SEGUNDO.- Publicar a presente Resolución no perfil do contratante e no Portal de Transparencia da Sede electrónica do Concello de Irixo (O), co fin de darlle a correspondente publicidade.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados.

Así o dispón e o asina a Alcaldesa - Presidenta D^a. Susana María Iglesias Nogueira, nesta resolución da que, como secretario, dou fe. En Irixo (O) , a 19 de setembro de 2024.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello do Irixo

Praza Manuel Penedo, nº 10, O Irixo. 32530 (Ourense). Tfno. 988287400



